

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **14 de marzo de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Pablo Pérez Pérez DEPUTADOS/AS: D. Plácido Álvarez Dobaño D. José Antonio Feijoo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas D. Adolfo González Novoa D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. Vicente Gómez García D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTOR: D. José Mosquera Casero	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 14 de marzo de 2018 , ás 18.00 horas, baixo a presidencia de D. Pablo Pérez Pérez, e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
--	--

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 14 DE FEBREIRO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 14 de febreiro de 2018, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO E MELLORA NA OU-0861 (PUNTOS

QUILOMÉTRICOS 0+900+3+000), N.º 107/POS/2017, NO MUNICIPIO DO BOLO.-

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1), e a abstención do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1. Aprobar o proxecto técnico da obra de acondicionamento e mellora na OU-0861 (puntos quilométricos 0+900+3+000), n.º 107/POS/2017, no municipio do Bolo, así como o anexo de expropiacións, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens afectados.
2. Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia*.
3. Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

Predio	Polig.	Parc.	Refer. Catastral	Propietario	Calificación	Dominio M ²
1	46	268	32016A04600268	- FLORINDO RIVERA	VIÑA SECAÑO	100,26
2	46	267	32016A04600267	- DOSINDA PRIETO SALGADO	LABRADÍO SECAÑO	79,21
3	46	265	32016A04600265	- ADOLFO VEGA PORTO	VIÑA SECAÑO	330,23
4	49	4	32016A04900004	- RAFAEL PEREZ PRIMO	VIÑA SECAÑO	75,16
5	46	264	32016A04600264	- JOSE FERNANDEZ ALVAREZ	PRADO	30,57
6	49	1	32016A04900001	- JOSE FERNANDEZ ALVAREZ	MATAGUEIRA	107,12
7	46	391	32016A04600391	- FLORINDO RIVERA	MONTE BAIXO	505,97
8	51	175	32016A05100175	- AURORA ABELAIRA DIAZ	MATAGUEIRA	4,02
9	51	173	32016A05100173	- OLIMPIO RIVERA RIVERA	MONTE BAIXO	127,73

4. Publicar e notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

3º.- PROPOSTA AO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS, RESPOSTA AOS INFORMES SECTORIAIS, APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE INFORMACIÓN PÚBLICA E APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE TRAZADO DO ACCESO AO NÚCLEO DE SAN VICENTE DE LEIRA DESDE A ESTRADA OU-0807.

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, di que esta proposta constitúe un avance moi importante para resolver a problemática da estrada. En todo caso anuncia a abstención do seu grupo en comisión, porque saben que mañá terá lugar unha reunión entre o presidente e o alcalde de Vilamartín, a expensas do que se decida na dita reunión.

O **presidente da comisión** anuncia o voto a favor do seu grupo e pide que o Sr. secretario informe en canto a prazos de tramitación do proxecto de trazado e se existiu algunha presión ao respecto relacionada coa reunión de mañá.

O **Sr. secretario** informa que o expediente do proxecto de trazado se tramitou conforme se indica no informe do servizo de Vías e Obras e que a proposta comezou a elaborarse tras recibirse o último informe sectorial (o da Confederación Hidrográfica a finais do mes de xaneiro). A principios de marzo recibíuse en Secretaría o encargo do servizo de Vías e Obras de realizar o informe xurídico, que se emitiu no prazo duns días, a partir do cal se formulou a proposta que se trae hoxe a comisión.

O **presidente da comisión** di que isto demostra que a reunión de mañá non ten que ver con esta proposta e que con respecto ao problema da estrada nunca se chegara a un punto tan avanzado de solución como o que representa o proxecto de trazado, polo que non entende a abstención do Grupo Socialista, destacando que nos 2 últimos anos se avanzou máis que nos 25 anteriores. A reunión de mañá é para dar solución a unha situación que nada ten que ver con isto.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, lembra que xa dixo antes que isto era un avance e que o alcalde de Vilamartín stá defendendo os intereses dos veciños como faría calquera.

O **presidente da comisión** di que o feito de que se traía este asunto hoxe a comisión non ten que ver co que fixo o alcalde estes días. Engade que o corte físico da estrada se realizou para garantir a seguridade dos veciños ante a situación de deterioro da estrada provocada polas recentes choivas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, quere facer algunhas puntualizacións. En primeiro lugar cre que a reunión de mañá seguramente non se levaría a cabo se este proxecto non estivese sobre a mesa; en segundo lugar, con respecto a que nos 2 últimos anos se avanzou máis que nos 25 anteriores, di que en todo caso a herdanza deste problema é unha herdanza recibida de gobernos anteriores do PP. En terceiro lugar anuncia a súa abstención seguindo o criterio habitual do seu grupo nas comisións.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, pregunta cal é o prazo estimado de execución deste proxecto.

O **presidente da comisión** di que non pode dar resposta agora a esa pregunta, que se lle informará por escrito ou a través do servizo de Vías e Obras. Puntualiza que cando dixo que se fixo máis nos 2 últimos anos que nos 25 anteriores se refería a que fixemos todos, porque a aprobación provisional do proxecto de trazado se acordou en pleno por unanimidade.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º) Propoñerlle ao Consello da Xunta de Galicia que, previo o informe da Consellería de Territorio e Infraestruturas, se dite resolución no procedemento do proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira dende a estrada OU – 0807, promovido pola Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido

a) Desestimar as alegacións formuladas por Canteras Villamartín S.L. contra o proxecto de trazado, polos motivos seguintes:

- En primeiro lugar, e con respecto á presunta afección aos seus dereitos mineiros, porque a concesión mineira da interesada atópase caducada con data 23 de decembro de 2015.

- En segundo lugar, e con respecto á elección da opción 1 das contempladas no proxecto de trazado, a análise multicriterio contemplada no proxecto xustifica esta

elección, polo que non é arbitraria nin inxustificada; debendo advertirse que a opción nº 5 non da plena satisfacción ao obxectivo de dar acceso aos veciños do pobo e ás empresas da zona (xa que, para conseguilo, esixiría completarse cun ensanche das rúas do pobo de San Vicente para posibilitar o tránsito de vehículos pesados ao seu través, tránsito que en todo caso non semella axeitado nunha zona residencial).

b) Desestimar as alegacións formuladas por Pizarras Europeas Arias en canto a que as fincas da súa propiedade afectadas polo proxecto non foron correctamente valoradas no proxecto, polos seguintes motivos:

- A interesada non motiva a súa alegación, nin se indica que valor debería asignarse ás súas fincas.

- En todo caso, procede desestimar a alegación, dado que o obxecto das alegacións ao proxecto de trazado debe cingirse á concepción global do trazado, conforme establece o artigo 50.3 do RLEG. No procedemento de expropiación a interesada poderá formular as alegacións e recursos que estime oportunos respecto da valoración das fincas. Procede, por tanto, desestimar esta alegación.

c) Estimar parcialmente á alegación de dona María Esther Fernández López, na que se solicita que non se varíe o proxecto (entendendo que se refire á elección da opción 1) e que de producirse modificacións se lle informe e se sometan a información pública. Procede estimar parcialmente a alegación, na medida en que se mantén a opción 1 e se lle notificará a resolución que se adopte no procedemento; procede en cambio desestimar a súa petición de realizar un novo trámite de información pública en caso de variación do proxecto dado que (e ao marxe de que o proxecto non se varía) esta segunda información pública non está prevista no procedemento aplicable, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer os recursos que procedan contra a resolución definitiva do expediente.

d) Declarar aprobado o expediente de información pública e aprobar definitivamente o proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira dende a estrada OU – 0807 promovido pola Deputación Provincial de Ourense, conforme ao proxecto de trazado elaborado pola empresa G.O.C. Consultoría e Ingeniería e entregado na Deputación Provincial o 2 de xuño de 2017, coas observacións seguintes:

- Deberán terse en conta no proxecto construtivo as observacións e condicións importas nos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Natural de 23 de outubro de 2017 e da Confederación Hidrográfica Miño – Sil, de 18 de xaneiro de 2018, así como na avaliación de impacto ambiental formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o 1 de xuño de 2016 e publicada no DOG nº 123 de 30 de xuño de 2016.

2º) Para os efectos previstos no artigo 55.4 do RLEG, faise constar que a urxencia da actuación (da que depende dar unha solución axeitada ao acceso ao núcleo de poboación de San Vicente de Leira, cuxa problemática se ven arrastrando dende hai

máis de vinte anos) impide tramitar a súa incorporación no Plan director de estradas de Galicia, no plan sectorial de estradas da Deputación (que non existe ao día da data) ou no planeamento urbanístico municipal.

3º) Notificar o presente acordo aos interesados que formularon alegacións no expediente e ás administracións públicas afectadas ás que se requiriu informe, achegando coa dita notificación copia do informe técnico do Servizo de Vías e Obras e do informe xurídico de Secretaría Xeral, de conformidade co establecido nos artigos 21.4 da Lei de estradas de Galicia e 53.1 do Regulamento da Lei de estradas de Galicia.

4º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á REACTIVACIÓN DO PROXECTO VAL DA RABEDA.-

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable de Democracia Ourensana (1) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Que desde a Presidencia da Deputación Provincial de Ourense se inste á Xunta de Galicia á reactivación do Proxecto do Val da Rabeda, adaptándoo ás actuais necesidades.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA PARA IMPLEMENTACIÓN DAS NOVAS ESIXENCIAS LEGAIS EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL NAS ENTIDADES LOCAIS.-

D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

O **Sr. secretario** suxire un cambio terminolóxico na parte dispositiva da proposta, substituíndo a expresión “convenio marco” pola de “plan ou programa de cooperación”, co fin de evitar que se poida considerar de aplicación o réxime propio dos convenios de colaboración, que resulta administrativamente máis complexo.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, maniféstase de acordo coa suxestión.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (6), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Que a Deputación Provincial elabore de forma urxente un programa de cooperación no que se defina un sistema de cooperación e de prestación de servizos, ao que os concellos da provincia poidan acollerse, e que determine en que condicións e que servizos de cooperación prestará ás entidades locais de Ourense para a activación efectiva dos obrigados cambios en materia de protección de datos de carácter persoal.

2º.- Que a Deputación Provincial, unha vez implementados os obrigados cambios en materia de protección de datos de carácter persoal a través dese programa de cooperación, realice unha auditoría para determinar que as entidades locais de Ourense se adaptaron correctamente á nova regulación europea e, polo tanto, están a cumprir efectivamente coa lei vixente.

6º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, di que en relación co bombeo da ETAP Razamonde-San Trocado, o seu grupo cre que o reparto dos custos de bombeo entre os concellos están mal asignados, estando cruzados os datos. Formula un rogo para que se revisen eses datos e se recalcule a liquidación, se é o caso, e que se convoque a comisión de seguimento para dar conta do asunto.

O presidente da comisión pide que lle facilite a documentación de que dispoña sobre eses posibles erros, para que se informe pola Área de Medio Ambiente e poder dar lugar a convocar a comisión de seguimento.

E, ás 18:25 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que o presidente e o secretario. Certifico.